

Antón Avilés de Taramancos. *Última fuxida a Harar*

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [1993]). “Antón Avilés de Taramancos. *Última fuxida a Harar*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 177-181. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1297>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (1993). “Antón Avilés de Taramancos. *Última fuxida a Harar*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 177-181.

* Edición dispoñíbel desde o 19 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Antón Avilés de Taramancos. *Última fuxida a Harar*
A Coruña: Edicións Espiral Maior

Luciano Rodríguez

Antón Avilés de Taramancos (1935-1992) foi un escritor que sempre mantivo a máis rabiosa independencia, non pertenceu a capelas nin grupos literarios pechados, e este espírito de liberdade ten un prezo que el pagou cun silenciamento prolongado, roto, con toda xustiza, nos doce últimos anos e especialmente logo de publicar *Cantos caucanos* (1985).

Na historia da poesía galega do século XX Antón Avilés debe situarse, cronologicamente, na xeración que X. L. Méndez Ferrín no seu libro *De Pondal a Novoneyra* denomina “das Festas Minervais”. Mais Avilés non participou nos certames “Minervais” nin tampouco formou parte do grupo “Brais Pinto”; non obstante, é totalmente exacto incluílo, tal e como fai o escritor ourensán, nesa xeración xa que ten con eles unha relación de amizade e camaradaxe. Amais “Brais Pinto” concedéralle un premio ó seu libro *Poemas a Fina Barrios-Pequeno Canto*, no ano de 1959, pero que non chegaron a publicar por imperativos económicos. Así pois, relacións houbo —cóntame que moi fraternais—, o que ocorre é que a marcha do autor de *As torres no ar* a Colombia, estancia que se prolonga durante vinte anos (1960-1980), fixo del unha existencia ausente no espazo literario, poético; unha sombra de lenda que deixou de selo coa súa volta á patria, sumándose á renovación que se está dando na poesía galega nova, por iso el gostaba de dicir que era un poeta dos oitenta.

A peripecia vital deste Ulises da República das Letras galegas, mitoreencarnación por el tan asumido, explica —nunca xustifica— a súa inexistencia (hai que dicilo así aínda que soe un algo forte) para as antoloxías, esas caixas de resonancia do quefacer poético no mundo literario. Do que eu coñezo, e creo que a información non me falla, Avilés estivo ausente de case todas; aparece na de Basilio Losada *Poetas gallegos de postguerra*, non na que publica ó ano seguinte, nin nas de Miguel

González Garcés, tampouco na de *Nordés*, nin na de Fernández del Riego e tampouco na de César Antonio Molina.

Mais a pesar deste contratempo, a súa obra está viva, vivamente envolvente, gañando lectores, que é o mellor triunfo, e resituándose no espacio literario que unha peripecia vital lle usurpara. Creo ser totalmente obxectivo se digo que se trata do autor con máis pulo creativo da súa xeración, do autor que soubo facer da poesía unha “fermosa moradía”.

Velaí están os títulos que nolo confirman: *As moradias do vento* (1955), *A frauta y-o garmelo* (1959), hoxe recollidos en *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e o desgraciadamente derradeiro *Última fuxida a Harar* (1992), do que nos imos ocupar de seguido.

Permítaseme facer uso —apropiarme— dunhas palabras que o editor pon á fronte do poemario, pois penso que recollen o espírito e intención que anima *Última fuxida a Harar*: “Os poemas que o compoñen foron produto dunha inmensa fe no acto poético: enfrentado o autor, con lucidez rimbaudiana, a unha morte anunciada e cruel. Desta tensión, desta conciencia activa da realidade e do tempo, nacen, pois, os textos poéticos presentes: son un testamento, unha despedida; son o triunfo dun amor á palabra que se transforma en arte final e futura, permanencia na raíz amada da poesía” (p. 7). Eis ben claramente expresado o credo que fundamenta o edificio poético de Avilés: a palabra é materia (instrumento) que fai que o vivido non caia totalmente en olvido. Ela será a voz apagada que perdure no tempo, ela será a que dea vida ó tempo morto (pasado), que na palabra re-nace:

A onde se van as horas luminosas?

*Só tén o corazón un cofre intacto
onde se gardan como postais vellas
esas felicidades de outro tempo
e o proer das feridas que nos deron.*

*É hora capitán, collamos rumbo
de cara o tempo que ficou no olvido,
ese espello de brétemas que ás veces
se ilumina no fondo da memoria
e fai vibrar en lampos unha tarde
que nunca volverá. Pero está viva.*

Esta fe, este credo na palabra, será motivo recorrente ó longo das páxinas do libro, chegando nalgún momento a callar nunha reflexión metapoética: valoración e logros do seu canto que se mestura coa conciencia de finitude que o leva a desexar a fusión coa terra para dar nova vida e seguir florecendo. O corpo é cinza; a palabra, semente:

*O mundo que eu criei foi só de sombras,
soños foron os froitos, as vendimas,
e só o amor brillou, brillou acaso
tamén o lar da pátria sempre aceso
que me mantén o sangue enaltecido.*

*Mais a palabra, si, foi sempre viva,
foi espada e arado e cotovia,
lanza de señardá, aí meu amigo,
derrota e singradura. O artificio
é o que me leva agora a este desterro:
quero volver á simples moradia
que un día fixen no dintel do vento,
á terra de labor, xa feito cinza
para pular na saiva, e ter de novo
os paxaros na man... Ese outro tempo!*

Última fuxida a Harar, lúcida e dura reflexión, porto que conta as viaxes deste alto capitán da palabra, está organizado en seis seccións que se complementan e inter-cruzan nunha rede referencial conteudística. Esta relación preséntasenos como segue:

“O cazador no escuro”	←	“En-psalmos para esorrentar a besta” Apéndice I (“O cazador no escuro”)
“Silva de vária fermosura”	←	“Cruxol de amor e cofre de olvidos” Apéndice 2 (“Silva de vária fermosura”)
“Crónica de antigos reis”	←	“As armas e os barões assinalados” Apéndice 3 (“Crónica de antigos reis”)

Na columna da esquerda temos as seccións base e na da dereita as que figuran como “Apéndice” ou complemento necesario e luz de nova imaxinaria. Nas seccións base os contidos son máis duros, a situación límite da vivencia asúmese en toda a súa extensión trágica, sen nunca caer no patético, mentres que os “Apéndice” aceptan a sombra como inexorable condición do humano. Vexamos isto que digo, aínda que sexa brevemente.

No mes de maio do 1991 Avilés escribía este breve poema que vai no comezo de todo de *Última fuxida a Harar*:

*Un gume negro acaba
de me ferir a xuventude.*

Vede a roseira nos acantilados!

*Fermoso o sangue novo
abrindo o cráter
no esternón do tempo*

O poeta sabe da súa ferida mortal que recibe xustamente no maio, cando todo nace á vida, de aí que a súa dor sexa laio que fere cal coitelo de luz; mentres que o eu se aferra á vida que o “gume negro” lle está a roubar, Avilés, cantor e amante da cla-

ridade, topa coa sombra que invade os ámbitos poemáticos: difícil e non cómodo equilibrio de luz e sombra.

O poeta, en “O cazador no escuro” —a primeira sección— asume sen patetismo a súa condición de exilio, de habitante de paso, perante a morte que está a chegar:

*ANXO da noite, cazador no escuro
que vés flamíxero a me expulsar do soto:
o varal está listo, a sandália posta,
o corazón afeito ao longo exílio.*

Mais consciente da súa situación, os poemas serán cantos de amor á materia, ás terras e ás xentes; a todo aquilo que o fixo sentir, vivir e vibrar e ser a voz que celebra o nacemento do día, da luz, da vida, na próxima noite que se avexina. Será o seu grande amor á terra o que explique ese insistente desexo de se fundir con ela e dar vida:

*(...) Ali estou eu de morto
dando vida ao que nasce,
son átomo e son célula que se abre a cantar
e dá-lle corpo á rosa, dá-lle ao verme o vigor
de volver-se crisálida e de logo voar.
Ali estou eu bebendo-me
por dar auga ao sedento, por dar-lle ao bidueiro
o ouro do esplendor.
E dar-lle á relva o manto.
Ali estou eu de morto dando vida aos carballos.*

En “Silva de vária fermosura”, segunda sección, sábese derrotado:

Inútil é o lume cando arde no sartego.

pero aínda lle quedan lugares nos que afirmarse: Galicia e a palabra:

*Iso de non ter límites! Ser ave,
ser cantiga, ser pranto, ser combate,
ser esa permanencia que nos leva
como un río no tempo até a vitória...*

Na hora da partida toda queixa é inútil e así comeza a derradeira viaxe semen-tando este ronsel de versos que nos saben a pouco, como ó eu poemático lle ocorre co tempo:

*Os barcos aran ouros na poeira do sol,
e ven a miña nau trazando a súa
derrota inexorável: O tempo é un suspiro!*

Nalgún momento o verso énchese de sombras, de imaxes de destrución e de caída, tal no longo poema titulado “Derrube e destrución do pórtico”: aqueles escenarios do templo poético que fora a vida, hoxe son só fantasmagóricos teatros que o tempo imperdonabe foi convertendo en ermo desolado.

Na terceira sección, “Crónica de antigos reis”, o protagonista poemático, acompañándose de figuras do pasado, volve a ollada e contempla o río do tempo, esa ferida fonda que consegue asolagar os máis fermosos reinos de luz; do esplendor do pasado só perdura a memoria esvaecida, como frauta lonxana:

*Mais ese día El Rei colleu o arado: relocia o seu manto
como unha eira no serán. E abrollaron as cantigas
de amor cando as palabras se fixeron pombas.
Porque estaba un rei arando no pomar. Aínda se escoita
ese coro no vento.*

É de pouco que queda do reino esvencellado!

Nas tres seccións finais —“Apéndice 1, 2 e 3”— segue a sentir a necesidade da luz, mais será a luz da morte a que domine:

*É hora da luz! É hora da luz! É necesario.
Hora de prender círios, velas, palmatórias, é hora
de acender os vasos de aceite e a súa bolboreta
de incienso, de prender as candeas, os candeiros,
os candelabros, as achas de resina.
(...)
é necesaria luz nesta derrota!*

Pasou o tempo do amor, pasou o tempo das rosas, e todo o foi endurecendo a vida para esta hora da retirada:

*A onde vas, amor? Duras entrañas
vas encontrar no que antes foron rosas,
duro eslabón e pederneira dura
no que antes fora mol, pois foi a vida
endurecendo as vértebras do canto
e cortando-lle as azas á ternura
de tanto me ferir. (...)*

Nas tardes chegan as voces doutro tempo, o que foi luz e vida; agora é só un eco que nos leva ó cántico primeiro que albiscamos perdido na corda combada do horizonte, naquel punto en que a luz se está a apagar nas “lámpadas do ocaso”.